

**ANUNCIO NO TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO E NA PÁXINA
WEB www.paradela.es**

Por resolución da Alcaldía do día 20 de maio de 2025, aprobáronse as bases e a convocatoria para cubrir o posto de 1 Peón para este Concello de Paradela, en réxime laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, contratación ao abeiro da orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

“ BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 1 PEÓN, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, EN APLICACIÓN DA AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, AO ABEIRO DA ORDE DO 5 DE MARZO DE 2025.

PRIMEIRA. Normas xerais.

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en aplicación da orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a su convocatoria para o exercicio do ano 2025.

A selección dos traballadores será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, segundo o establecido no artigo 14 da Orde do 5 de marzo de 2025 e polo sistema de concurso-oposición.

Ocupación	Nº postos	Servizo	Duración contratación
PEÓN	1	TAREFAS NO MEDIO AMBIENTE	9 meses

SEGUNDA. Modalidade do contrato

A modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, segundo o establecido no artigo 15 da orde do 5 de marzo de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detallase seguidamente:

Ocupación	Servizo	Xornada	Retribucións
-----------	---------	---------	--------------



PEÓN	Ámbito: No termo municipal do Concello de Paradela. <u>Detalle funcións:</u> Tarefas no medio ambiente (silvicultura: mantemento e conservación enil de Paradela, rutas de sendeirismo do Loio e Aldosende, entorno do parque da Gándara, Camiño Francés, etc), todas estas actuacións evitan un deterioro do medio ambiente e redundan na súa protección.	Completa (100%)	1.381,33€ brutos/mes. Incluída a prorrata da paga extra.

TERCEIRA. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

- a) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto). No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial



para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Coñecemento da lingua galega: CELGA 2. Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente. Polo tanto, que non acredite o coñecemento do galego mediante a achega do CELGA 2, deberá superar unha proba que consistirá na tradución dun texto sobre o coñecemento do idioma galego, con cualificación de apto/non apto, con carácter eliminatorio.

f) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

Ocupación:	Requisitos específicos
Peón	-non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo. -permiso de conducir B

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día sinalado pola oficina de emprego e manterse na data de contratación do/a candidato/a.

CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 14º da Orde do 5 de marzo de 2025, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. Non se requirirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación á correspondente oferta.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es.

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no día sinalado pola Oficina de



Emprego, para a súa presentación no Concello de Paradela, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos relacionándose no anexo III), obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e anexo II (modelo de declaración responsable).

QUINTA. Admisión de aspirantes

Despois da presentación de tódolos candidatos incluídos na lista remitida pola Oficina pública de emprego, a Alcaldía ditará unha resolución, no prazo máximo de un (1) mes, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es, indicárase un prazo de dous (2) días hábiles para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Unha vez transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nun prazo máximo de dous (2) días hábiles, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es, na que se sinalará a composición do tribunal, a data e hora na que se constituirá o tribunal e data e hora da realización das probas.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal, data e hora na que se constituirá e data e hora da realización das probas.

SEXTA. Tribunal cualificador

O tribunal cualificador estará constituído por:

- Presidente/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Secretario/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Por cada membro do tribunal designarase un suplente cos mesmos requisitos e condicións.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso



requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es.

SÉTIMA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

O procedemento de selección dos aspirantes será o concurso-oposición, de acordo ao seguinte:

A) FASE DE OPOSICIÓN: EJERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO. Puntuación máxima (10) puntos.

Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 10 preguntas con dúas de reserva, con respostas alternativas das que só unha é correcta, baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I, durante un período de 30 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Esta proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5 para superala, as respostas correctas valoraranse cada unha con 1,00 puntos. As contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

Proba de galego.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega da/os aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como apto ou non apto. A proba consistirá en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego, durante 20 minutos.

Estarán exentos da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten posuír, con carácter previo, como mínimo o título Celga 2 ou equivalente debidamente homologado.

B) FASE CONCURSO Puntuación máxima (4) puntos.

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a fase de oposición, só aos



aspirantes que superasen a fase de oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establécese en catro (4) puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles.

Respecto aos méritos computables, será de acordo ao establecido no artigo 14 da orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, “*Requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras*”.

1. Formación: Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 3,00 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

- Cursos de 10 horas a 40 horas: 0,25 puntos.
- Cursos de 41 horas a 75 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de 76 horas a 100 horas: 0,75 puntos.
- Cursos de máis de 100 horas: 1,00 puntos.

Forma de acreditar os cursos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola administración pública que o impartiu e /ou financiou, acreditativo da súa realización, estar en posesión dos mesmos, o día sinalado pola oficina de emprego para a presentación da documentación no concello.

2. Titulación: Valorarase neste apartado as titulacións académicas relacionadas co posto de traballo, impartidas pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologadas, ata un máximo de 1,00 puntos. As titulacións que a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditadas ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuadas, computándose unicamente o título de maior nivel dos alegados.

- Título de Ciclo Superior ou equivalente: 1,00 puntos.
- Título de Ciclo Medio ou equivalente: 0,50 puntos

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado pola/os aspirantes na documentación aportada coa solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

O resultado final do proceso de selección, será a suma das dúas fases oposición e concurso, en caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na fase de oposición (fase teórica). De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no primeiro e segundo apartado, sucesivamente da fase de concurso. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

OITAVA. Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento



Unha vez rematado o proceso de selección dos aspirantes (fase opoción e fase concurso), o tribunal fará pública a relación de aspirantes ao posto de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web www.paradela.es; os aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado a Presidenta da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

A/o aspirante proposto/a achegará á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

NOVENA. Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Asimesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es, ante a alcaldesa do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou un recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso -administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de



que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego público, o Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

ANEXO I.-TEMARIO

Tema 1

Concello de Paradela. Termo municipal. Datos de interese do municipio (Recursos turísticos, monumentos e historia). Distribución xeográfica e parroquial.

Tema 2

Manexo e partes das desbrozadoras.

Tema 3

Equipos de protección individual.

ANEXO II (MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE)





Concello de Paradela

D./D^a _____, con DNI núm. _____, e domicilio para efectos de notificación en _____, teléfono nº _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

PRIMEIRO:

a) Que reúno os requisitos xerais desta convocatoria:

- 1) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
- 2) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- 3) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto). No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.
- 4) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- 5) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nestas bases-CELGA 2.
- 6) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

b) Que reúno os requisitos específicos desta convocatoria:

-Permiso conducir B.

SEGUNDO. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rixen o proceso de selección de 1 Peón.

TERCEIRO. Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas a selección de persoal laboral temporal, categoría 1Peón.

_____, ____ de _____ de 20__

O/a solicitante,

Asdo.: _____

De conformidade co establecido na normativa de protección de datos persoais, informámoslle que os datos persoais que nos facilite, almacenaranse e tratarán coa finalidade de participar en procesos de selección e avaliación de persoal. A tales efectos, Vd. expresamente consente e autoriza á realización de cantas probas de carácter profesional, sociolóxico, psicolóxico e de aptitude sexan precisas para a determinación do seu perfil profesional. Estes datos, solicítanse en base ao seu consentimento, necesario para poder ostentar a condición de candidato. Devandito consentimento entenderase prestado en tanto non comunique por escrito a revogación do mesmo. Informámoslle que conservaremos os seus datos durante un prazo máximo de dous anos. Así mesmo, comunicámoslle que o responsable do tratamento e



destinatarios da información é o CONCELLO DE PARADELA, onde poidan xurdir vacantes que se axusten ao seu perfil. Pode contactar co responsable do tratamento, para solicitar máis información sobre o tratamento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en C/ Cabaleiros de Santiago, 15. 27611. Paradela. LUGO ou a través do correo dpd.concelloparadela@eidolocal.es

ANEXO III (RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS)





FORMACIÓN		
Denominación	Centro Impartición	Horas

TITULACIÓN	
DENOMINACIÓN	CENTRO IMPARTICIÓN

Paradela,
O/a solicitante
Asdo/a:”

Contra as presentes bases que pon fin a vía administrativa, pode interpoñerse, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado



desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a alcaldesa do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que considere conveniente.

En Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.

A alcaldesa

Asdo.: Maria Montserrat Mulet Sar.

Documento asinado ao marxe electrónicamente

